

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE
SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Convenios colectivos

CALENDARIO LABORAL 2021 DO SECTOR ALMACENISTAS DA MADEIRA

Código de Convenio número 36000085011981

Visto o Acordo da Comisión Negociadora do convenio colectivo do sector de ALMACENISTAS DA MADEIRA da provincia de Pontevedra, polo que se establece o calendario laboral para o ano 2021, subscrito en representación da parte económica, por unha representación da asociación provincial de empresarios da madeira-ASEMA, e da parte social polas centrais sindicais CC.OO., CIG e UGT, en data 19 de febreiro do 2021.

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 03 de marzo do 2021.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

RESOLVE:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



Luns, 22 de marzo de 2021

Núm. 54

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

Vigo, 10/03/2021.—A xefa territorial, Marta Mariño Regueiro.

CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE “ALMACENISTAS DE MADEIRA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” - 19 DE FEBREIRO do 2021 -

*ACTA FESTIVOS 2021
COMISIÓN NEGOCIADORA*

ASISTENTES:

Representación social:

CC.OO.:

D. Francisco Estévez Rodríguez

DNI:

UGT:

D. José Carlos Casal Iglesias

DNI:

CIG:

D. Carlos Mendez Iglesias

DNI :

Representación empresarial:

D. Mario Cardama Barrientos (ASEMA)

DNI:

... En Vigo, nos locais da Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra, sendo as 12:00 horas do día 19 DE FEBREIRO DE 2021, reúnese a mesa da comisión negociadora do sector de almacenistas de madeira da provincia de Pontevedra.

... Ambas partes acordan fixar para el año 2021, os seguintes días festivos do convenio colectivo segundo o seguinte texto:



Luns, 22 de marzo de 2021

Núm. 54

“ARTIGO 22.- XORNADAS NON LABORABLES

A xornada ordinaria anual para o presente convenio, e no periodo do 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2020 e 2021 será de 1752 horas.

Para o ano 2021 terán a consideración de festivos e aboables a tódolos efectos os seguintes días:

— 13 de agosto, 11 de outubro, 7, 9,10, 23, 24 e 31 de decembro.

Nos concellos onde a festa local ou festivo de convenio coincida cun día non laborable, trasládase os seguintes días festivos:

13 de outubro: Portas.

No obstante, estes días poderán ser modificados por acordo entre a empresa e os traballadores, para axustálos as necesidades das partes.”

.. Autorízase a persoa habilitada do Consello Galego de Relacións Laborais, para a inscrición de este acordó na Plataforma Regcon, así como en todos os rexistros correspondentes para a súa validación e publicación.

...Dándose por finalizada a reunión, sendo as 12:15 horas do día e lugar arriba indicados, de todo o cal as partes dan fe coa su firma.

